



NUMAX PRESENTA:

84 | **DECEMBRO 2024**




Librería

Agasallos de Nadal

Como cada mes de decembro, aquí vos vai unha selección de ideas para agasallar este Nadal! Nela poderedes atopar algunhas das últimas novidades de 2024 e outros libros que nos gustaron.



Tras do ceo
Manuel Rivas
XERAIS | 18,95€




El jardín contra el tiempo
Olivia Laing
CAPITÁN SWING | 24€



Agnés Varda. Fotografíar, filmar, reciclar
VVAA
CCCB | 29€



Cousas pequenas como estas
Claire Keegan
RODOLFO E PRISCILA | 18€



Cartas (1956-1979)
Isaac Díaz Pardo e Luís Seoane
RENACIMIENTO | 39,90€



O libro das abellas
VVAA
APIARIO | 20€



Triste tigre
Neige Sinno
ANAGRAMA | 19,90€



España oculta
Cristina García Rodero
EDITORIAL CRISTINA GARCÍA RODERO | 59€




La gente corre tanto
Gloria Fuertes
BLACKIE BOOKS | 21€



Runrún
Ana Varela
GALAXIA | 16,40€



Uma historia pequena da Galiza rural
Alba Diaz Geadá
ATRAVES EDITORA | 19,90€



Bola Ocho Integral
Daniel Clowes
FULGENCIO PIMENTEL | 59€



Números
FABULATORIO | 22€

XOVES 5 DE DECEMBRO ÁS 19H

Presentación de *Maternidades virtuosas* (AKAL) de **María do Cebreiro**. A autora estará acompañada das docentes **Teresa Moure** e **Laura Lojo**.

MÉRCORES 11 DE DECEMBRO ÁS 20H

Presentación de *Poemas realistas* (Apiario) de **Daniel Salgado**. O autor estará acompañado da editora **Antía Otero** e do escritor **Alberto Lema**.

SÁBADO 21 DE DECEMBRO ÁS 20H

Presentación de *El cielo de la selva* (Lava) de **Elaine Vilar Madruga**.



Bim, bam, bum

María Girón

KALANDRAKA | 17€

A cor das
palabras
2024
Encontros
con cineastas

Alberto Gracia

A imaxe
que pensa

Sábado 21 de decembro
12:00 | Cinema NUMAX



Agasalla connosco.
Consulta as nosas ofertas
de tarxetas para o cinema
e bonos de librería

NUMAX





LA PARRA ESTREA 13 DEC


Alberto Gracia, 90', GAL-ESP, VO, +12

Con Alfonso Míguez, Pilar Soto

Damián participa nun concurso televisivo onde premian a literalidade. Colocáronlle o seu nome na camisa. Cando o programa vai a publicidade, comeza a historia: Había unha vez un home de mediana idade que vive de forma precaria nunha gran cidade. Ao recibir a noticia de que o seu pai morreu, ten que volver a Ferrol, a súa localidade natal. Tras máis de vinte anos fóra, Ferrol converteuse nunha ruína que todo o atrapa.

O ferrolán Alberto Gracia ofrece un retrato alucinante da súa cidade natal, cunha chea de hipnóticos personaxes que fan de Ferrol “o Twin Peaks” ibérico (Violeta Kovacsics).

-  Sección Tiger Rotterdam 2023
-  Gran Premio Alquimias SEMINCI 2024
-  Presentación e coloquio co director | 20 DEC



i Filme especialmente recomendado polo seu fomento da igualdade de xénero (ICAA)

EMILIA PÉREZ

ESTREA 5 DEC

Jacques Audiard, 130', ESP, VOSE, +16

Con Zoe Saldaña, Karla Sofía Gascón

México, hoxe. A avogada Rita recibe unha oferta inesperada. Ten que axudar un temido líder dun cártel a retirarse dos seus negocios e desaparecer para sempre converténdose na muller que sempre soñou ser. «Un musical-narcocorrido-trans, tan delicado como brutal» (Luis Martínez).

🏆 Mellor Actriz e Premio do Xurado Cannes 2024



CANDO CAE O OUTONO

ESTREA 13 DEC

François Ozon, 102', FR, VOSE, +12

Con Hélène Vincent, Josiane Balasko

Michelle ten unha xubilación tranquila nunha vila da Borgoña, onde tamén reside Marie-Claude, a súa mellor amiga. A súa filla Valérie vai vela para deixarlle o seu neto Lucas durante unha semana de vacacións escolares. Pero nadasucedará como estaba previsto.

**🏆 Mellor Guión e Actor de Reparto
-Pierre Lottin- Donostia 2024**



LA GUITARRA FLAMENCA DE YERAI CORTÉS

ESTREA 20 DEC

C. Tangana, 91', ESP, VO

Cando C. Tangana coñece a Yerai Cortés queda completamente fascinado co seu talento e a súa historia familiar. Yerai é unha figura inusual dentro do flamenco, tan respectada polos xitanos máis tradicionalistas como polos artistas vangardistas da nova onda da que el forma parte.

🏆 Mención Especial New Directors Donostia 2024



PARTHENOPE ESTREA 25 DEC

Paolo Sorrentino, 136', ITA, VOSE

Con Celeste Dalla Porta, Gary Oldman

Sorrentino (*A gran beleza*) asina unha carta de amor ao Nápoles que ri, enfeitiza e namora, e fainos viaxar pola vida de Parthenope desde os anos 50 até hoxe. Un conto que desborda paixón e liberdade e nos mergulla nos grandes amores e decisións que todo o mudan para sempre.

🏆 **Sección Oficial Cannes 2024**



OH CANADA ESTREA 27 DEC

Paul Schrader, 95', ING, VOSG

Con Richard Gere, Uma Thurman

Un afamado documentalista canadense concede unha última entrevista a un dos seus antigos alumnos para lle contar toda a verdade sobre a súa vida. Unha confesión filmada diante da súa muller.

🏆 **Sección Oficial Cannes 2024**

📘 Filme subtulado ao galego
co apoio da Secretaría Xeral
de Política Lingüística

Os ollos verdes



SATURNO PASE ÚNICO 2 DEC

Daniel Tornero, 96', ESP, VO, +12

«En 2018 meu avó foi detido por abuso de menores e intento de secuestro. Agora volvo a atoparme con el e enfróntome ás súas miradas, ás súas respostas e aos meus propios sentimentos» (Daniel Tornero).

🏆 **Premio do Público Málaga 2024**

📘 Presentación e coloquio
co director



NO OTHER LAND PASES 5 E 7 DEC

Basel Adra, Hamdan Ballal, Yuval

Abraham, Rachel Szor, 95', ÁR, VOSE

Basel Adra, mozo activista de Cisjordania, loita desde a súa infancia contra a expulsión masiva da súa comunidade polas autoridades israelís. Nun momento dado, coñece a Yuval, un xornalista israelí que o apoia nos seus esforzos. Xorde así unha improbable alianza.

🏆 **Premio do Público Panorama Berlinale 2024**



i Presentación e coloquio
en liña coas autoras

A FLOR DO BURITÍ

PASE ÚNICO 9 DEC

**João Salaviza, Renée Nader Messorá,
123', VOSE**

A través dos ollos da súa filla, Patpro percorrerá tres períodos da historia do seu pobo indíxena, no corazón da selva brasileira. Perseguidos incansablemente, pero guiados polos seus ritos ancestrais, o seu amor pola natureza e a súa loita por preservar a liberdade, os Krahô non deixan de inventar novas formas de resistencia.

**🏆 Premio Mellor Reparto Un Certain
Regard Cannes 2024**



DAHOMEY

PASES ÚNICOS 13-15 DEC


Mati Diop, 67', FR, VOSE

Con Gildas Adannou, Morias Agbessi

É novembro de 2021 e 26 tesouros reais do Reino de Dahomey están a piques de abandonar París para regresaren ao seu país de orixe, a actual República de Benín. Xunto con outros miles, estes obxectos foron saqueados polas tropas coloniais francesas en 1892.

**🏆 Oso de Ouro a Mellor Filme Berlinale 2024
🏆 Finalista LUX Audience Awards 2024**

Petís Numax



ROBOT SALVAXE

ESTREA 30 NOV

Chris Sanders, 101, VE, +8

A épica viaxe dun robot —a unidade 7123 de Roz, 'Roz' para abreviar— que naufraga nunha illa deshabitada e debe aprender a adaptarse á dura contorna, entablando gradualmente relacións cos animais da illa e converténdose en nai adoptiva dun pequeno ganso orfo.



RETROSPECTIVA

LIONEL ROGOSIN

«NON FICCIÓN PARTISANA»

26 DE NOVIEMBRE
Sobre o Bowery

+Presentación e coloquio
con Michael Rogosin

3 DE DICIEMBRE
Volve, África

10 DE DICIEMBRE
Bos tempos,
marabillosos
tempos
+Vaia par de
chalados

17 DE DICIEMBRE
Raíces negras
+Diálogo
árabe-israelí

23 DE DICIEMBRE
Fantasía negra

30 DE DICIEMBRE
Leñadores do
sur profundo

Aperto e distribución
da Deputación
da Coruña






Deputación
DA CORUÑA



↓ Emilia Pérez (Jacques Audiard) ESTRENA 5 DE DICIEMBRE

NUMAX

Concepción Arenal, 9 baixo
Santiago de Compostela
www.numax.org

   Síguenos en @numaxcoop


EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

Co patrocinio de

AAAAAA Agencia
GGGGGG Gráfica